



Documento Guía

Adaptación da Programación para o 3º trimestre e avaliación final

a) Identificación da programación

Centro Educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2019/2020

Ciclo formativo

Código familia profesional	Familia profesional	Código ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalacións e mantemento	CMIMA01	Instalacións de frío	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0039	Configuración de instalacións de frío e climatización	2019/2020	3	107	107

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo
Sonia Arias Rivas

Considerando o **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo**, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, e de acordo coas **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, se realizan as seguintes adaptacións da Programación Didáctica do Módulo:

b) Criterios de cualificación e mínimos esixibles

Mínimos esixibles por Unidades Didácticas:

Para acadar a cualificación positiva neste módulo o alumno/a debe ser capaz de demostrar como mínimo os seguintes coñecementos e destrezas:

UD1: Instalacións frigoríficas tipo.

UD2: Configurar unha instalación de refrixeración de pequena potencia.

Nas Unidades Didácticas 1 e 2 os mínimos esixibles Non sofren modificación respecto aos contemplados na Programación de principios de curso.

UD4: Instalacións de climatización e **UD5:** Configurar unha instalación de climatización de pequena potencia. Non se consideran mínimos esixibles estas Unidades Didácticas, por non se ter impartido antes





da suspensión das clases presenciais. A profesora impartirá os contidos novos de estas UD durante a 3ª avaliación, a fin de que o alumnado siga coa súa formación que estaba inicialmente prevista na Programación, sen sobrecargar de actividades e teranse en conta de forma favorable para o alumnado, segundo se autoriza pola Inspección Educativa e a Dirección do Centro.

Criterios de cualificación:

Os distintos tipos de probas serán avaliadas de maneira independente, sendo necesario acadar un mínimo de 5 en cada unha delas para poder superar a avaliación.

- **BOLETÍNS DE PREGUNTAS, CASOS PRÁCTICOS E TRABALLOS (40%):**

1ª e 2ª avaliación:

Sufren unha modificación respecto aos contemplados na programación de principios de curso, o ser todas as tarefas on line, a valoración das mesmas cambia, agora as prácticas e traballos contabilizan o 40% da nota para o alumnado.

Realizaranse traballos e boletíns de reforzo educativo sobre a 1ª e 2ª avaliación. Os traballos realizaranse de forma on line polo alumnado, empregando a Aula Virtual.

3ª avaliación:

Non sufren modificación respecto aos contemplados na Programación de principios de curso, coas seguinte salvedades:

Os traballos realizaranse de forma on line polo alumnado, empregando a Aula Virtual.

Por tratarse de contidos novos serán avaliados positivamente para o alumnado.

- **CÁLCULO DA NOTA DA TERCEIRA AVALIACIÓN E FINAL:**

A terceira avaliación e final realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas na 1ª e 2ª avaliación, así como sobre as actividades de recuperación, reforzo e ampliación de aprendizaxes relacionados coas aprendizaxes impartidas con anterioridade ó Estado de Alarma.

Os actividades novas, que permitan acadar unha formación ó alumnado, máis completa de cara ó vindeiro curso, non serán avaliadas e unicamente serán tidas en conta de forma favorable para o alumnado.

A nota final será a resultante do sumatorio de:

- Media das probas escritas realizadas no curso, cun peso do 60% (anterior o estado de alarma)
- Media das prácticas e traballos realizadas on line, cun peso de 40% (No estado de alarma)

O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar o modulo.

Na nota final da avaliación, terase en conta a as actividades de clase e a participación nas mesmas polo alumno (ata un máximo de 2 puntos). No caso da terceira avaliación terase en conta, a maiores, as actividades novas (as que estaban previstas na programación para a 3ª avaliación, relacionadas coas UD4 e UD 5), valorándose de forma positiva para o alumnado dentro de esos 2 puntos.

Durante a 3ª avaliación realizaranse recuperacións da 1ª e a 2ª avaliación, tendo estas carácter prioritario.

As recuperacións realizaranse, segundo está previsto, na 3ª avaliación, en caso de docencia non presencial, sendo de forma on line, mediante Aula Virtual, (en caso de docencia presencial, estas non sofren modificación respecto ó previsto a inicio de curso).

Si un alumno non supera dita recuperación terá que facer un exame final que consistirá en amosar destrezas, capacidades e coñecementos que inclúan todos os contidos mínimos expresados na programación didáctica do módulo contempladas na 1ª e 2ª Avaliación.

O cálculo das notas realizarase con plantillas de Excell, previamente calibradas e cotexadas.





c) Procedemento para recuperación das partes non superadas

c1) Actividades de recuperación

Respecto a Programación inicial de curso, modifícase:

Durante a 3ª avaliación realizaránse actividades de recuperación das partes suspensas ó alumnado. As mesmas consistirán na repetición das partes suspensas da 1ª e 2ª avaliación, caso de non poder repetirse de forma presencial, serán substituídas por exame on line ou exame a través da aula virtual.

c2) Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda do dereito á avaliación continua

O alumnado que acadase perda do dereito a avaliación continua durante a 1ª e 2ª avaliación, deberá superar o módulo nunha única proba que se realizará en xuño, onde terá a oportunidade de demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe incluídos na presente programación, atendendo ós criterios de avaliación correspondentes a 1ª e 2ª avaliación. A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda do dereito de avaliación continua, realizarase unha vez finalizada a 3ª avaliación, e antes da avaliación final. Dita proba poderá incluír os contidos impartidos no módulo ó longo do curso durante a 1ª e 2ª avaliación.

A proba farase preferentemente de forma presencial, sempre que as autoridades sanitarias así o permitan, en caso contrario ser realizará de forma on line, segundo o indicado na 3ª avaliación.

Será necesario superar a proba de avaliación extraordinaria. O alumnado que non poidan acudir o exame na data establecida, non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada.

d) Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ó estado de alarma para todo ou parte do alumnado

Ao avaliar cada unidade didáctica, xa sexa na avaliación continua como na final, con todos aqueles alumnos que non acaden os obxectivos estableceranse medidas de reforzo. Segundo no momento en que se detecten, reforzaranse repetindo as explicacións ou daráselle a oportunidade da realización de actividades extra en función das carencias que son detectadas.

Na 3ª avaliación se realizarán actividades que reforcen, repasen ou amplíen os contidos previstos, tales como traballos resumes, cuestións curtas ou boletíns de casos prácticos, que faciliten o aprendizaxe. Todas estas actividades estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do Centro, estando a profesora do módulo a disposición dos mesmos para a resolución das diferentes dúbidas que se poidan plantexar. Cada actividade, sexa esta de reforzo, repaso ou ampliación, será puntualmente correxida pola profesora e clarexadas todos os erros ou dúbidas que se poidan plantexar durante a realización das mesmas.

Así mesmo, o alumnado, durante a 3ª avaliación, e de cara a mellora da súa formación, sempre que sexa posible, avanzará en actividades novas, relacionadas coas Unidades Didácticas 4 e 5, tendo en conta que as mesmas serán tidas en conta na avaliación do alumnado de forma positiva. Isto é especialmente importante de cara o alumnado que acadou unha avaliación positiva tanto na primeira como na segunda avaliación, para que sigan co proceso de ensinanza-aprendizaxe, e, para a totalidade do alumnado, de cara a súa formación para o curso próximo.

Materiais e recursos

- Correo electrónico e grupo de whatsapp coma canle de comunicación co alumnado.
- Aula virtual como canle de traballo co alumnado.
- Emprego da plataforma Drive para distribución da documentación.
- Equipos informáticos, conexión internet, e outros.
- Soporte con medios audiovisuais baixados de internet.
- Apuntes do docente.

